

**ACTA DE APERTURA E CUALIFICACIÓN DO “SOBRE A” DO PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICA MAIS VANTAXOSA VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA DO SERVIZO DE MONITORAXE NA REDE DE COMEDORES ESCOLARES DO CONCELLO DE AMES.**

Na Casa Consistorial de Ames sendo as nove horas e trinta minutos do día 26 de febreiro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **DO PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICA MAIS VANTAXOSA VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA DO SERVIZO DE MONITORAXE NA REDE DE COMEDORES ESCOLARES DO CONCELLO DE AMES.**

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

**David Santomil Mosquera**, concelleiro delegado de Educación e Cultura.

**Vogais:**

**Rosa Ana Prada Queipo**, Secretaria do Concello de Ames **Leopoldo Moure Dopico**, Interventor do Concello de Ames

**Rogelio Pardo Martínez**, Xefe do Servizo de Contratación do Concello de Ames

**Secretaria:**

**M. Isabel Quintáns Ríos**, Auxiliar administrativa do Departamento de Contratación

Constitúe o obxecto desta reunión proceder á cualificación da documentación xeral contida no sobre A presentada polos licitadores.

A continuación procédese á apertura do devandito Sobre “A” nomeado “Documentación administrativa” resultando o seguinte:

	Declaración Responsable (Anexo II)	Declaración datos licitador	Compromiso de adscrición de medios (Anexo III)	% Subcontratación (Anexo IV)	Certif. Traballadores con discapacidade (Anexo V)
LA PRODUCTORA S.A.L.	SI	SI	SI	0,00%	NON
ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL.	SI	SI	SI	100,00%	SI
A BILLARDA SL.	SI	SI	SI	0,00%	SI
MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE SL.	SI	SI	SI	NON	NON

En consecuencia e de acordo co disposto no parágrafo anterior, a mesa por unanimidade, dos seus membros, acorda:

**Primeiro.-** Propoñer a exclusión do procedemento de licitación da empresa Alimentación Saludable Gallega SL. por superar o porcentaxe de subcontratación no expediente, excedendo polo tanto o porcentaxe máximo do 50% establecido na cláusula 36 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

**Segundo.-** Requirir a empresa La Productora SAL para que nun prazo máximo de 3 días hábiles aporte Certificado sobre traballadores con discapacidade, segundo o Anexo V, cláusula 17.1.5) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

**Terceiro.-** Requirir á empresa Move Servicios de Ocio y Deporte SL para que nun prazo máximo de 3 días hábiles aporte Declaración de porcentaxe de subcontratación e Certificado sobre traballadores con discapacidade, segundo o Anexo IV e V, cláusulas 17.1.4) e 5) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor Presidente da por rematado o acto, sendo as dez horas, do que se estende o presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria, certifico.

